

Nome: _____ Curso: _____

Observa estas fotografías

a)



b)



pensamos no consumo



Nome: _____ Curso: _____

- A que tipo de comercio corresponde cada unha das fotografías?

- En que tipo de comercio se utiliza máis o envase? _____

- Que tipo de envases coñeces? _____

- De que están feitos os envases? _____

- De onde proceden os produtos envasados? _____

- Cal é a composición dos produtos envasados? _____

- Que consecuencias ten na produción de CO₂ o uso de envases e a procedencia de produtos envasados? _____



Nome: _____ Curso: _____

pensamos no consumo

- Que produtos resultan máis fiables en canto á súa composición?

- Relaciona cada envase coa cor do contedor de reciclaxe que lle corresponde:

Envase de iogur
Tetra-brick
Envase de madeira
Latas
Envase de suavizante
Envase de vidro
Caixa de cartón

AZUL	
AMARELO	
VERDE	



Nome: _____ Curso: _____

Le o seguinte texto sobre unha feira da época dos teus antergos:

Un día fun á feira coa tía Carme. Sempre me gustou ir á feira ánque tivese que levar un quino pola trenla ou apandar coa cesta de pexegos que me poñían derriba. Pola noite chegaba canso pero ledó, porque xantabamos con pulpo, e no remate mercábase algunha chilindrada. Esa vez miña tía levóume para que cargase á volta cun feixe de repolos.

*"Memorias dun neno labrego"-Xosé Neira Vilas
Edición do Castro. Páxina 67*

Contesta as seguintes cuestións:

- Que diferenzas existen entre un mercado e unha feira?
E similitudes? _____

- Como se desprazaba a xente ata a feira? _____

- Que produtos se vendían? _____

- De onde procedían os devanditos produtos? _____



Nome: _____ Curso: _____

• Como se transportaban? _____


• En que levaban os produtos mercados? _____

• A que se refire cando fala de "chilindradas", "quino" e "feixe"?

• Coñeces algunha feira que se celebre ou celebrese na zona onde vives? (Para responder estas cuestións consulta con persoas maiores próximas a ti). _____

c) De acordo cos datos obtidos, elabora un decálogo sobre hábitos alimenticios de baixa incidencia no cambio climático e beneficiosos para a nosa saúde. _____

pensamos no consumo



Nome: _____ Curso: _____


Imos a poñer en marcha na escola unha campaña de sensibilización sobre o uso e recollida dos envoltorios de papel de aluminio.

1.- Busca información sobre a produción de papel de aluminio, o seu custo enerxético e os efectos sobre o clima. Anota as conclusións. _____

2.- Propón lugares do centro para situar contedores para a recollida selectiva do aluminio. _____

3.- Reflexionade sobre posibles solucións alternativas para a conservación dos comestibles envoltos e anotade solucións. _____

4.- Deseña un cartel que recolla aspectos relativos aos puntos 1, 2 e 3.



Nome: _____ Curso: _____

Reutiliza envases baleiros de produtos de uso frecuente nas casas e fabrica algúns dos seguintes xogos:

zancos	2 botes de cola-caó, dúas tiras de bolsas de plástico ou cordeis;
cesta-punta	envases de suavizantes recortados, pelota de papel de aluminio;
pas	cartón e cintas de plástico, pelota de envoltura de plástico;
bolos	botellas de plástico con area, pelota feita con restos (luras de plástico, teas, coiros... etc.).

- Propón ti outros xogos reutilizando envases doutros produtos: corcho de embalaxe, envases de ovos, caixas de cereais, etc.

REFLEXIONA

- Atopas algunha desvantaxe con respecto aos mesmos xogos que se comercializan? E vantaxes?

